

# ROBOT SALVAXE

# 1415

Chris Sanders, 2024

ESTREA EN NUMAX: 29.11.2024 | V.E. | +8 | 101 min

A épica viaxe dun robot -a unidade 7123 de Roz, 'Roz' para abreviar- que naufraga nunha illa deshabitada e debe aprender a adaptarse á dura contorna, entablando gradualmente relacións cos animais da illa e converténdose en nai adoptiva dun pequeno ganso orfo.

«É o filme de animación do ano: emotivo e fermoso canto ecoloxista con encantadores personaxes»

Javier Yuste, EL CULTURAL



## A filla ilexítima de Pixar e Ghibli

Por Randy Meeks

Houbo un tempo, non tan afastado, no que era imposible túsirle á Pixar. Cada unha das súas películas convertíase non só na raíña animada das billeteiras senón tamén nun valor seguro admirado por crítica e público. Dun tempo para acó, e aproveitando o seu innegable declive en calidade, outras produtoras están a comerlle o terreo. *Robot salvaxe* sería, en parte, a culminación deste ataque frontal, convertida na película máis Pixar da historia de DreamWorks sen deixar, ao mesmo tempo, de deixar de ser totalmente única.

*Robot salvaxe* é fermosa. Moi, moi fermosa. É un espectáculo visual de primeira orde no que cada escena parece pensada primeiro desde un punto de vista pictórico. De feito, parece por momentos que estamos a ver máis un libro de arte que unha película en si mesma. Os seus planos son coloridos, case pintados con pincel. As súas composicións xigantescas, permitíndose grandes planos xerais cos que gozar dun aspecto visual inconcibible. Os seus deseños fascinantes collen o mellor do *cartoon* e da ciencia-ficción para combinalos nunha fita eminentemente clásica na súa estrutura, pero que nunca deixa de sorprenden.

Se de algo peca *Robot salvaxe* é de ser excesivamente naïf: en 2024 é chocante ver aínda películas de animalíños do bosque que falan e se xuntan para aprender uns dos outros e loitar contra o invasor, pero a película é capaz de facer alquimia e esquivar con éxito o tópico. De feito, funciona mellor do esperado grazas a un humor moito máis negro do habitual nunha película deste estilo, que non ten medo do que dirán e fala sen andrómenas da morte e da maternidade con frases moito máis bastas, duras e macabras do esperado.

O último de DreamWorks insufla a toda a súa metraje unha sensibilidade exquisita que explora non só as relacións materno-filiais e de amizade, senón, sobre todo, a importancia de atopar o teu lugar, ese sitio no que sentirte aceptado e querido, no que sentir e expresar amor sen esperar nada a cambio. *Robot salvaxe* é consciente de que todos nos sentimos algunha vez orfos dun lugar no que ser nós mesmos, e sabe tocar as teclas correctas para que ao final sexas un feixe de bágoas. Si, é desas películas. E non, non ten compaixón de ti.

Non esperabamos menos, por outra banda, de Chris Sanders, co-director de *Lilo e Stich* (2002) e *Como adestrar o teu dragón* (2010), que aquí demostra o que vale mesmo sen o seu eterno compañeiro Dean DeBlois (neste caso produtor executivo). A súa experta man sabe guiarnos á perfección por este mundo aparentemente despiadado pero arrebatadoramente sensible, no que un robot pode ter sentimentos, un ganso aprender a comportarse de maneira analítica ao seu pesar e un raposo pode ser querido por quen menos o espera.

*Robot Salvaxe* está, ademais, perlada por un sentido do humor macabro que engade risas á trama, grazas, en gran parte, a un personaxe principal perfecto tanto na súa magnética personalidade como no seu deseño, que bebe moito do robot d'*O castelo no ceo* (Hayao Miyazaki, 1986). Non é o único no que DreamWorks quere asimilarse ao Studio Ghibli: tamén poderemos intuír o seu amor pola natureza, o seu verde e a súa defensa, entre o máxico e o poderosamente real, dos sentimentos máis puros. Por momentos, de feito, sentimos *Robot salvaxe* como a filla ilexítima de Pixar e Ghibli, collendo o mellor de ambas: o corazón, a perfección visual, as múltiples capas segundo a idade do público, a maxia da natureza, o agarimo, a compaixón.